

Dezaseis cancións para voz e piano

(a t) autores & textos

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Dezaseis cancións para voz e piano

Dezaseis cancións para voz e piano : XXV anos da Asociación Galega de Compositores (1987-2012). — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2012. — 113 p. ; 30 cm. — (Autores e textos)
D.L. C 868-2012. — ISMN 979-0-9013197-0-7
1. Cancións para piano-Partituras. I. Consello da Cultura Galega

Edita
© Consello da Cultura Galega, 2012
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Proxecto gráfico
Imago Mundi Deseño

Imprime
Litonor

Depósito Legal: C 868-2012
ISMN 979-0-9013197-0-7

Dezaseis cancións para voz e piano

XXV anos da Asociación Galega de Compositores
(1987-2012)

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

(a t)
autores & textos

autores & textos

Índice

PRESENTACIÓNS

9 Ramón Villares
Presidente do Consello da Cultura Galega

11 Maximino Zumalave
Coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do CCG

13 Margarita Viso
Presidenta da Asociación Galega de Compositores

CANCIÓNS

18 Manuel Alejandre Prada
Campanas de Bastabales (Rosalía de Castro)

24 Miguel Brotóns
Negación de Ulises e Teseo (Miro Villar)

30 Gabriel Bussi
Hai unha voz (Luz Pozo)

38 Carlos M. Cambeiro Alís
Bagoíña de nena (Enrique Jiménez Gómez)

44 Xabier Comesanha Pereira
Siluetas Composteláns (Xosé Manuel Cabada Vázquez)

50 Juan Durán
Tecín soia (Rosalía de Castro)

56 María Mendoza
Ágoa de muiño (Manuel Cuña Novás)

60 Julio Montero
MariNana (Julio Montero)

66 Antonio Peña
Vaguedás (Rosalía de Castro)

72 Paulino Pereiro
Vella sombra que se incéndia no verso (Miguel Anxo Fernán-Vello)

78 Juan Pérez Berná
Durme meu neno (Esther López Castro)

84 Julián Rodríguez Rodríguez
Pedra –fragmento– (Julián Rodríguez Rodríguez)

90 Gloria Rodríguez Gil
Haikus a Avelina (Román Raña)

96 Octavio Vázquez
En Cornes (Rosalía de Castro)

102 Xoán Antón Vázquez Casas
Longa noite de pedra (Celso Emilio Ferreiro)

108 Margarita Viso Soto
O Mar (Manuel Leiras Pulpeiro)

Presentacións

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, de carácter asesor e consultivo, á que compete a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego. Nese universo permanentemente renovado da lingua e da cultura, ocupan lugar preferente a música e as súas manifestacións, xa se trate de publicacións, conferencias divulgativas ou concertos, de acordo coas liñas de traballo da nosa Sección de Música e Artes Escénicas, coordinada por Maximino Zumalave.

A recuperación e a publicación dos legados do pianista José Arriola ou do violinista Manuel Quiroga Losada son expresión do firme compromiso da institución coa alta significación da música na configuración e na proxección da cultura galega.

Agora, ao cumprírense os primeiros vinte e cinco anos da creación da Asociación Galega de Compositores, o Consello da Cultura Galega decidiu publicar estas *Dezaseis cancións para voz e piano*, música e poesía, poesía e música, como acaída unión para a efeméride conmemorativa.

Trece compositores e tres compositoras puxeron música a dezaseis poemas de autores que van desde a fundacional Rosalía de Castro ou os clásicos Leiras Pulpeiro, Cuña Novás ou Celso Emilio Ferreiro, ás voces actuais de Luz Pozo, Román Raña ou Miguel Anxo Fernán-Vello, entre outros.

Cancións e poemas que compoñen un traballo antolóxico anunciador de camiños que desexamos longos e vizosos para a música galega e para a Asociación Galega de Compositores.

Ramón Villares
Presidente do Consello da Cultura Galega

Con demasiada frecuencia pensamos que o patrimonio musical é un conxunto de obras acumuladas no pasado e non somos tan conscientes da importancia de facer no noso tempo achegas novas, que serán tamén patrimonio noso e das xeracións que nos sigan. É a nosa obrigación, xa que logo, ser coherentes coa herdanza recibida e enriquecela. E esta é tamén unha das razóns polas que resulta imprescindible coidar o traballo dos nosos compositores. As súas obras xurdirán ás veces como continuidade, outras como ruptura, pero sempre en diálogo coas xa existentes. Usando unha imaxe forestal, diriamos que temos que estar en condicións de ser donos do bosque, respectalo e gozalo, sen descoidar a súa necesaria renovación. Coidar as árbores e plantar máis. En definitiva, cultura e cultivo derivan da mesma raíz que culto.

Na reunión da Sección de Música e Artes Escénicas en outubro de 2011 concretouse a idea de adherirse á celebración do 25 aniversario da Asociación Galega de Compositores e contribuír con algunhas actividades no Consello da Cultura Galega. Unha delas sería invitar os compositores membros desta Asociación a escribir unha obra para canto e piano sobre un poema en galego da súa libre elección. A resposta dos compositores foi inmediata –dinme que tamén entusiasta– e xa a principios de xaneiro Juan Durán, membro da Sección de Música e Artes Escénicas, presentou na reunión a colección das obras que quince compositores escribiran para esta conmemoración. Sumaríase máis adiante unha canción máis. A proposta de encarga e edición destas cancións foi apoiada desde o primeiro momento polo profesor Ramón Villares, presidente do Consello.

Hai séculos que a música e a lingua galega están interactuando. A expresividade tenra e a calidez da lingua enriquecen a música cunha cor e atmosfera propias. Reciprocamente, a música ben escrita para os poemas suxire unha contorna coidada para o significado, declamación e comprensión do texto poético. «Falan os sons e cantan as palabras» que diría Fischer Dieskau.

Á parte desta consideración de tipo estético, cantas cousas podemos facer coa música a favor do coidado e conservación da lingua. Non se esquece o que se aprende cantando. (Sabíano ben aqueles que nos ensinaban doutrina relixiosa ou as táboas de multiplicar). Cancións de Berea, Castro *"Chané"*, Montes están consolidadas no repertorio que coñecemos e ata poderiamos cantar todos. É máis, grazas a estas melodías non esquecemos os textos que as inspiraron.

A poesía galega orixinou moitas obras de concerto. Unha delas, a que compuxo Maurice Ravel. Resulta anecdótico que a titulase «Canción Española» a pesar de utilizar o texto *Adeus, meu homiño, adeus*. Hai varias décadas, o crítico ourensán Antonio Fernández Cid enviou poemas galegos a moitos compositores españois. Eles devolveron eses textos convertidos en cancións. Grazas a esta idea naceu un ciclo de cancións sobre poesía galega en xeral e outro específico con textos de poetas ourensáns. Para o ano santo de 1993 Antón García Abril escribiu por encargo a *Homenaxe á Poesía Galega*, doce cancións coñecidas como *Cancións Xacobeas* –constátase que a marca xacobeo tivo

influencia ata na creación musical. Non era a primeira vez que este autor puña música a textos galegos.

Puxen estes exemplos porque ata hai moi pouco tempo era impensable un proxecto como o que presentamos agora realizado coa colaboración de dezaseis membros da Asociación Galega de Compositores. Paréceme moi fermoso que tantos creadores galegos traballen unidos nun mesmo proxecto superando o individualismo tan estendido e aceptado entre artistas. Sen perder independencia creativa, cada un deles ten o seu lugar nesta colección de cancións, que resulta así variada polo concepto, o estilo e a estética. Agora, como nos preámbulos clásicos, só queda desexar utilidade práctica e gozo estético destas obras. Oxalá que intérpretes e oíntes poidan confirmalo moi pronto.

Galicia atesoura neste momento un conxunto de música vocal que empezou hai moito tempo con Martín Códax, con Afonso X, con Mendiño... A achega que presentamos agora non é o final. Resúltame moi suxerente pensar que no extenso arco temporal que abarca a creación lírica galega pomos hoxe un punto e seguido.

Maximino Zumalave
Coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas
Consello da Cultura Galega

Hai vinte e cinco anos naceu a Asociación Galega de Compositores (AGC), integrada por compositores nados en Galicia ou residentes nela, e polo tanto continuadores da pegada dos compositores históricos galegos. Esta asociación, sen ánimo de lucro, creouse co obxectivo de defender os intereses grupais dos compositores galegos e aqueles aspectos da nosa cultura musical que repercutan no desenvolvemento da súa traxectoria.

A creación da AGC foi o froito da inquedanza dun grupo de compositores novos con conciencia xeracional que mantiñan por diferentes motivos un estreito contacto, a pesar da súa diversidade de tendencias e nun contexto en que resultaba difícil estrear obras. O regreso de Arxentina de Carlos López García-Picos foi o impulso definitivo para a constitución da AGC. Como relataba el mesmo no número 1 do boletín *Música Hoxe* (publicación da AGC): «Cando marchei de Buenos Aires, o presidente da Asociación de Jóvenes Compositores encomendoume que crease aquí unha asociación. Os compositores demos os primeiros pasos da man de "O Facho". Estabamos sen axudas, orfos. A AGC creouse entre todos e supón unha estrutura moi importante para dar a coñecer as nosas obras. É unha loita constante de todos».

A AGC constituírona na Coruña o 22 de xuño de 1987 os compositores (en orde alfabética) Jorge Berdullas del Río, Juan Durán, Carlos López García-Picos, Manuel Mosquera, Xavier de Paz, Paulino Pereiro e Juan Vara. A pesar de nacer nunhas circunstancias concretas que pouco teñen que ver coas actuais, a AGC mantivo, dende a data da súa constitución ata hoxe, unha traxectoria ininterrompida de actividades. Os sete compositores enumerados, que teñen a consideración de socios fundadores dentro do organigrama interno da AGC, quintuplicáronse e hoxe son trinta e catro os membros que a integran.

Dentro da AGC existen varias categorías de socios: os fundadores, que se acaban de citar; os numerarios, é dicir, os socios compositores que son admitidos tras o correspondente trámite selectivo; os socios protectores, persoas e entidades simpatizantes que apoian dunha maneira ou doutra a AGC; os socios de honra, aquelas persoas ou institucións que polos seus méritos relevantes e continuados no ámbito da música culta sexan acredores de tal distinción. Os socios de honra designados ata agora ao longo da historia da AGC son Jesús Bal y Gay e Carlos López García-Picos.

As liñas básicas de actuación da AGC ao longo deste cuarto de século foron a interpretación en público, a gravación e a publicación de obras dos seus socios, así como dos compositores históricos galegos. Xa que logo, ata o día de hoxe a AGC publicou diversos CD: en 1998, co patrocinio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e da Fundación Pedro Barrié de la Maza, aparece un dobre CD con obra para piano de distintos autores interpretado por Antoni Besses e Albert Nieto. En marzo de 2009 e con motivo da Mostra do Ensino, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria patrocina a edición do rexistro sonoro titulado *Perspectivas*, que inclúe fragmentos de obras de cámara de membros da

AGC procedentes do arquivo sonoro da Radio Galega, institución que sempre mostrou un grande interese polas actividades da Asociación. En 2010 realízase a edición discográfica *Ciclo XV Asociación Galega de Compositores*, auspiciado nesta ocasión pola Consellería de Cultura e Turismo, a través do Xacobeo. Esta edición consta de dous volumes: dun dobre CD dedicado á música de cámara (CD 1, *Grupo Instrumental s. xx*, e CD 2, *Cuarteto Artemis Ensemble*) e un CD simple interpretado pola Banda Artística de Merza baixo a dirección de José Rodríguez Ramos.

As publicacións de música inícianse sobre o ano 1988 cuns poucos títulos que publica a propia AGC. Posteriormente, editáranse, grazas ao patrocinio do Banco Etcheverría, dous números do boletín *Música Hoxe* (publicación divulgativa). Pero o grande impulso recibiuse da man da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos anos 2007 e 2008, que lle encarga á AGC a elaboración de obras destinadas á docencia musical para diferentes niveis. Os materiais resultantes deste encargo están a disposición pública en formato PDF en https://www.edu.xunta.es/rmusicais/. Esta actividade terá unha nova edición o presente ano 2012.

No ano 2009, co desexo de facer visible, conforme os novos usos tecnolóxicos, o labor que desenvolve a AGC, creouse a páxina web da Asociación, auspiciada polo Concello da Coruña, que se atopa no enderezo www.asociaciongalegadecompositores.com.

No eido das publicacións, é de especial significación para a Asociación Galega de Compositores a oportunidade que lle brinda hoxe o Consello da Cultura Galega de presentar un traballo antolóxico sobre poemas da nosa lingua no que se reúne un grupo de cancións que conmemoran o XXV aniversario da AGC, escritas expresamente para a ocasión por compositores socios.

Non obstante, a actividade que se pode considerar o eixe vertebrador da AGC son os ciclos de concertos organizados integramente dende a propia Asociación e financiados por diversas institucións, das que cabe destacar o Concello da Coruña, o Concello de Ferrol, a Deputación da Coruña e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Hai que citar o Ciclo do Arquivo Canuto Berea (2005) e os tres ciclos de Canción Galega de Concerto (2008, 2009 e 2011), pero o máis importante é o Ciclo de Concertos, do que se fixeron xa 16 edicións. Cada ciclo de concertos componse dunha media de tres recitais, principalmente de música de cámara, en moi diversas agrupacións de conxunto. Sería excesivamente prolixo sinalar aquí todos os intérpretes, agrupacións e estreas que se levan realizadas. Soamente quero destacar que, nas dúas últimas edicións (XV e XVI ciclos), se puido contar por primeira vez con colectividades superiores ás agrupacións de música de cámara, como foron a Banda Artística de Merza e a Orquestra e Coro Gaos.

Un momento moi entrañable da historia da AGC deuse curiosamente fóra dos ciclos: por iniciativa de Florián Vlashi, á fronte do Grupo Instrumental Siglo XX, doce compositores da AGC escribiron unha variación sobre un tema popular proposto, o que deu lugar á única obra colectiva –ata o de agora– da AGC: *Variacións sobre un alalá*, que sería estreada en Santiago o 5 de xullo de 2008, dentro do Festival Via Stellae.

Ademais disto, a produción musical dos membros da AGC xa foi obxecto dunha tese de doutoramento na Universidade de Valladolid, a cargo do doutor Carlos Villar Taboada. Este traballo fixo posible que o seu autor escribise unha documentada e ponderada colaboración na *Gran Enciclopedia Galega* (Asociación Galega de Compositores, tomo 44, pp. 198-216), dentro da voz «Música Contemporánea», que se pode considerar hoxe en día como referencia para futuros traballos de investigación.

O ano 2012 é, pois, ano de xubilosa celebración dos primeiros vinte e cinco anos de traballos, esforzos e resultados continuados, nos que a AGC demostrou ser esa estrutura tan importante

–da que falaba Carlos López García– para dar a coñecer as nosas obras. Conxuradas por algunha misteriosa forza do destino, institucións musicais de grande importancia de Galicia veñen a sumarse a esta celebración. É o caso da Banda Municipal da Coruña, que brindou un concerto conmemorativo o pasado 26 de febreiro, baixo a dirección de Xosé Carlos Seráns. O mesmo compromiso ten adquirido a Banda de Ourense, cun concerto que terá lugar no outono de 2012. As orquestras profesionais de Galicia: Orquestra Sinfónica de Galicia e Real Filharmonía tamén interpretarán ao longo deste ano diversos concertos en que se incluirán obras de compositores socios como celebración da efeméride. A todos queremos dende aquí agradecerlles a súa colaboración. E moi especialmente ao Consello da Cultura Galega, sensible pola súa propia natureza á importancia histórica e cultural da nosa Asociación, que auspicia o volume que tes, lector, nas mans, que non é senón a homenaxe de corazón que os compositores de Galicia lle brindan á súa lingua.

Margarita Viso
Presidenta da Asociación Galega de Compositores

Cancións

MANUEL ALEJANDRE PRADA

(Ponferrada)

Comeza os seus estudos musicais á idade de dez anos na Academia de Música Odeón en Ponferrada con Ana Isabel Fernández Franjo.

En 1993 trasládase a Xixón, onde continúa os seus estudos musicais con Flor Rodríguez Riego, simultaneándoos cos de Enxeñaría Química Industrial. Posúe catro licenciaturas en música: Piano, Música de Cámara, Solfexo e Composición.

Asistiu a cursos de especialización con Fernando Pucholl, Dimitri Baskirov, Natalia Lamas, Marcel Van Bree, Anatol Ugorski e Irina Berkovich. Regularmente ofrece concertos como solista de piano ou en conxuntos camerísticos, e colaborou, en calidade de violinista, coa Xove Orquestra da Fundación Príncipe de Asturias.

Cabe destacar o seu labor como compositor; a súa extensa produción abarca un total de 57 números de Opus, na que destacan as súas obras sinfónicas e pezas camerísticas.

Fundou e dirixiu diversas formacións vocais e instrumentais. Actualmente exerce a dita faceta á fronte da Orquestra Sinfónica de Ponferrada.

Entre 2000 e 2004 foi xefe do Departamento de Composición e do Departamento de Orquestra e Música de Cámara do Conservatorio Profesional de Música de Monforte de Lemos (Lugo).

Desde 2004 é profesor titular de Música no Instituto de Ensino Secundario Gil y Carrasco de Ponferrada.

Campanas de Bastabales
(Rosalía de Castro)

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

I

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades
e das entrañas me doio.

Dóiome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.

Solo media me deixaron,
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, unos toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron…
De pena me consumiron.

[...]

Campanas de Bastabales

Poema de Rosalía de Castro

Música de Manuel Alejandre Prada

© Copyright 2012 by Manuel Alejandre Prada, A Coruña. Spain.
Edición autorizada para todos os países a Consello da Cultura Galega.
Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña.

15
ni - ñas sin que-rer tor - no.a cho - rar
mf Can-do de lon-xe vos o - io
mf
mp
Ped.
Ped.
21
pen - so que por min cha - ma - des e das en - tra-ñas me do - io.
ff Dó - io - me de dór fe -
f
Ped.
26
ri - da que.an tes ti - ña vi - da.en tei - ra e.ho xe te - ño me - dia vi - da,
31
só - o me-dia me dei - xa - ron os que de.a ló me trou - xe - ron,
os que de.a ló me rou - ba -
mp
mp
sfz
sfz
Ped.

37
ron. p
con inocencia
8va
8va
pp
p
Led.
Led.
Led.
Led.
43
p Non me rou - ba - ron trai - do - res, ai! uns a - mo - res to -
pp
una corda
47
li - ños ai!, uns to - li - ños a - mo - res. Que.os a - mo - res xa fu -
51
xi - ron, as so - i - da-des vi - ñe - ron... ff de pe-na me con-su - mi - ron.
ff
tre corde

56
Repítese duas veces coas seguintes estrofas do texto
Adagio flexible
poco ritenutto
pp
8va
63
8vb
p Cam-pa-nas de Bas-ta - ba - les
can-do vos o - io to - car,
mó - rro-me de so - i -
(8va)
(8vb)
67
Allegro
f
calmo
p
da
15ma
71
sfz
des.

MIGUEL BROTÓNS

(Alacant, 1965)

É profesor superior de Música polo Conservatorio Superior «Óscar Esplá» de Alacant con Premio Extraordinario e polo Conservatorio Superior da Coruña.

Estudou con profesores de recoñecido prestixio como Fred Mills, profesor da Universidade de Georgia (EE UU) e membro de Canadian Brass; E. Crespo, director de German Brass (Alemaña); M. Becquet e H. Joulain, do Conservatorio Nacional de París. Asistiu a cursos de composición con M. Trojhn, D. Ghaum e A. García Abril do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Dentro da súa faceta como compositor destacan os seguintes encargos: *A morte da nai, A importancia, Pontedeume un cantar, Huellas sonoras, Narón Terra de Trasancos, Os sons da memoria histórica, In memorian, Amalgamas, Diario de Ferrol, Waldhorn, Mártires da libertade*, etc. Realizou composicións para diversas entidades como a Xunta de Galicia, deputacións, universidades, concellos e demais entidades públicas e privadas.

Foi profesor do Conservatorio Profesional de Música de Ferrol e na actualidade é profesor de ensino secundario no IES Concepción Arenal de Ferrol; actividade docente que compaxina coa interpretación, dirección e creación musical.

O Padroado de Cultura do Concello de Alacant e a Xunta de Galicia gravan parte da súa obra musical nas edicións discográficas *Con música propia* (2008), *Perspectivas* (2009) e *Ciclo XV* (2010, da Asociación Galega de Compositores).

Negación de Ulises e Teseo
(Miro Villar)

Se algunha vez tiveses que agardar entre fío
e tecidos, non sexas Penélope que tece
e destece os bordados axiña que anoitece.
Ulises non existe, foi verso fuxidío.

Se algunha vez tiveses que agardar entre fío
e tecidos, non sexas Ariadna que ofrece
saír do labirinto mortal a quen a esquece.
Teseo non existe, só queda o desafío.

Se algunha vez eu debo partir como Odiseo
prefiro voltar sempre vencido a Compostela.
Non me importa a derrota se ti me identificas.

Se algunha vez eu debo marchar como Teseo
non ha ser Artemisa fluxo do meu Sarela.
Non me importa ser lama se ti me purificas.

Negación de Ulises e Teseo

Poema de Miro Villar

Música de Miguel Brotóns

©Copyright 2012 by Miguel Brotóns Pérez, A Coruña, Spain
Edición autorizada para todos os países a Consello da Cultura Galega.
Pazo de Raxoi, 2ºandar, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña.

11
-te___ - ce.
U - li - ses non e - xis - te,
foi ver - so fu - xi -
f
f apasionato
mf
mf
15
Poco più mosso
Parlato
dí - o.
Se algunha vez tiveses
mf sonoro
mf expresivo
mf
18
que agardar entre fío e tecidos,
non sexas Ariadna que ofrece saír do labirinto mortal
3
21
a quen a esquece.
f
mf
f
f

primo tempo
Canto
24
Teseo non existe, só queda o desafío.
Se al-gu - nha vez eu
mf
mf apasionato
28
de__ - bo par-tir co-mo O-di - se - o pre - fi - ro vol-tar sem - pre ven- ci - do a
f
mf
32
Com - pos -te - la a Com - pos - te - la. Non me im- por - ta non me im -por - ta
f
mf
p
36
a de - rro - ta a de - rro - ta se ti me i-den - ti - fi - cas ti me i- den - ti - fi - cas.
mf
p
f

40
estesso tempo
a tempo
3
rit.
Se al-gu-nha vez eu
f apasionato
f senza fretta
rit.
f apasionato
f
44
de___ - bo mar-char co-mo Te - se - o non ha ser Ar - te - mi - sa flu - xo do meu Sa - re - la.
mf
f
48
Sa - re - la. Non me im-por - ta ser la_____ - ma se ti me
mf
f
52
pu- ri - fi - cas ti me pu - ri - fi_____ -cas.
f

GABRIEL BUSSI

Actualmente é profesor da Orquestra Sinfónica de Galicia, obtivo a súa educación musical en varios países e continentes. Naceu en Uruguai e realizou os seus estudos principais en Alemaña, onde se licenciou en Berlín cos profesores violinistas Christoph Poppen e Ulf Wallin. Estudou Composición cos profesores Gerhard Tittel e Jürgen Ganzer. Estreou neses anos varias obras de encargo, entre as cales destacan un cuarteto de cordas, unha ópera infantil (sobre un libreto propio) e unha sonata para frauta e piano.

Foi premiado en diferentes concursos de interpretación e composición e foi bolseiro de numerosos festivais de música en varios países. As súas composicións e arranxos foron interpretados con regularidade por Young Artists International (Los Ángeles), incluíndo gravacións e retransmisión por radio.

Obtivo o título Master of Music co Dr. Eduard Schmieder como bolseiro de SMU/Dallas en EE UU; perfeccionou os seus estudos en Composición co Dr. Robert Frank.

As súas obras foron interpretadas en varios países e continentes. En Galicia, a súa música e os seus arranxos foron programados, en varias ocasións, pola Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra de Cámara da Sinfónica de Galicia, a Orquestra Gaos, o Zoar Ensemble, o Artemis Ensemble, o Grupo Instrumental Siglo XX, entre outros.

Hai unha voz
(Luz Pozo)

Hai una voz
no tempo de Galicia.
Hai una voz sen verbas.
A que todos ouvimos no silencio.
Lembrando nomes pra que naza o millo.

Chámase morte ou mágoa.
Xuramento de anguria.
Soedade.
Pensamento de pedra.
Chámase berro, auga,
desarrimo.

Chámase olvido.
E chámase arelanza.
Ou vida ou liberdade ou compaña dos nosos.
Chámase soño, morte, lar, saudade.
Chámase choiva que lourea os froitos.

Hai una voz.
Chámase Rosalía.
Sete letras de laio.
Saudade
dunha fala ferida.

Esperanza dun mundo
que inda fica nun berro
de liberdade.
Hai una voz.
A súa.
Benzoada

Hai unha voz

Poema de Luz Pozo Garza

Música de Gabriel Bussi

© Copyright 2012 by Gabriel Bussi, A Coruña. Spain.
Edición autorizada para todos os países a Consello da Cultura Galega.
Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña.

16
f
p
Chá - ma-se mor - te ou má - go - a
Xu-ra - men - to de an - gu - ria Soi-
sfp
p
ff
sf
p
21
misterioso
da - de
Pen - sa - men - to de pe-dra
sfp
sfp
ff
26
f
Chá - ma-se be - rro e fon - te
e des - a - rri - - mo
sfp
sfmp
p
30
e des - a - rri - mo
f
Chá - ma-se·ol - vi - do E
sf mf
ff
poco f

34
chá - ma-se·a-re-lan-za Ou vi - da ou li - ber - da - de Ou vi - da
ff
ff
38
ou li - ber-da - de ou com - pa-ña dos no - sos
mp
mp dolce
dim.
p
44
Chá-ma-se so - ño ou mor-te lar sau-da -
fp
fp
simile
poco a poco cresc.
49
de Chá - ma - se so - ño ou mor - te lar sau - da - de
fp
f
fp
dim.

53
fp
dim.
Chá-ma-se choi-va que lou-re-a os froi-tos
pp
cresc. molto
58
p
Hai un-ha voz
Chá-ma-se Ro-sa-lí-a
ff
p
64
cresc.
f
mf
Se-te le-tras de lai-o
Sau-da-de dun-ha
mf
poco cresc.
poco f
p
70
f
fa-la fe-ri-da
Es-pe-ran-za dun
cresc.
ff
p

75
mun - do
que in - da fi - ca nun be - rro
80
de li - ber - da - de
cresc.
85
con forza
Hai un - ha voz A sú - a Ben - zo - a -
91
da
Ben - zo - a - da
cresc.

80
f cresc.
de li - ber - da - de
cresc.

CARLOS M. CAMBEIRO ALÍS

(Barcelona, 1958)

Titulado superior en Composición, é profesor titular de Fundamentos de Composición e xefe do Departamento de Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde imparte as materias de Composición e Análise da Música do Século XX.

A súa actividade profesional desenvólvese, así mesmo, como orquestrador, arranxador, compositor e pedagogo; algúns dos seus traballos están publicados en partitura, CD, LP e casete, ou recollidos en gravacións da Radio Galega e de Radio Popular de Vigo. Algunhas das súas obras foron premiadas.

Foi membro integrante da Comisión de Conservatorios e dos Grupos de Traballo que elaboraron os currículos de música LOGSE e LOE para a comunidade autónoma de Galicia.

No ano 2009 obtivo o DEA pola Universidade de Santiago de Compostela, na área de Historia da Arte (Música). Autor dalgunhas publicacións arredor da figura do violinista e compositor Manuel Quiroga Losada, na actualidade realiza unha tese de doutoramento cuxa principal liña de investigación se centra na vida e na obra musical do artista pontevedrés.

Bagoíña de nena
(Enrique Jiménez Gómez)

¡Bagoíña de ceo,
chora xa, meu ben!
…, que caia no niño
dozura de mel.

¡Bagoíña de ouro
no niño calado!
…, non sufras meniña
polo teu malfado.

¡Bagoíña de prata,
de nácara e pelra!
…, deixa que se vaia
a meiga nubeira.

¡Que a bruxa e o trasno
agora mesmo están,
liscando do berce
para non voltar!

Pois ó ve-lo sorriso
nuns beizos pequenos,
dóense dos ollos,
e fuxen co medo.

Se coa choiva da noite
saloucase o sol,
…, ¡bagoíña de lúa…
non chores máis, amor!

a Enrique Jiménez

Bagoíña de nena

Poema de Enrique Jiménez

Música de Carlos Cambeiro

© Copyright 2012 by Carlos Cambeiro, A Coruña. Spain.
Edición autorizada para todos os países a Consello da Cultura Galega.
Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña.

13
que ca - ia no ni - ño do - zu - ra de mel.
17
¡Ba - go - í - na de ou - ro no ni - - - - ño ca - la - do!
21
non su - fras me - ni - - - - - ña po - lo teu mal - fa - do.
25
¡Ba - go - í - ña de pra - ta, de ná - ca - ra e pel - ra!

29
con mistero
mf
dei - xa que se va - ia a mei - ga nu - bei - ra.
con mistero
mf
33
mf grazioso
¡Qué a bru - xa e_o tras - no a - go - ra mes - mo_es - tán, lis -
mf grazioso
37
espressivo
can - do do ber - ce pa - ra non vol - tar!
sf sf
41
grazioso
Pois ó ve - lo so - rri - so nuns bei-zos pe - que - nos,

45
espressivo
con spavento
mf
sf sf
dó - en - se dos o - llos,
e fu - xen co me - do.
con spavento
mf
sf sf
49
mp teneramente
Se co - a choi - va da noi - te
sa - lou - ca - se o - sol,
mp e teneramente
53
rit.
¡ba - go - i - ña de lú - a
non cho - - - - - res máis, a -
rit.
57
a tempo
rit.
mor!
a tempo
rit.

XABIER COMESANHA PEREIRA

(Bremenhaven [Alemaña], 1968)

A súa formación musical tivo lugar en distintos conservatorios como o Superior de Vigo, Superior da Coruña, Superior «Amigos do País» de Santiago de Compostela, Superior de Coimbra, Escola de Altos Estudos do Porto, Conservatorio Profesional «Manuel de Falla» e Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela.

Durante a súa formación, que comeza da man de D. Xosé Iglesias Ramilo, traballou de forma continuada e participou en cursos de perfeccionamento con distintos mestres como Celso Otero, Pedro Iturralde, Francisco Martínez, Narciso Pillo, Jean Pennings, Daniel Deffayet, José Susi, Jos Wuytack, Miguel Sacristán, Rogelio Groba, Pedro Pinfano, The Rascher Quartet, Antón García Abril, Maximino Zumalave, Douglas Bostock, Georgui Fedorenko, The Ámsterdam Quartet.

No terreo profesional destacan obras para distintos xéneros musicais tales como: *Suite Galaica, Fantasía, Nocturno, Cen anos hai, El Herido, Tembra un neno no pórtico húmido, Plenilunio*, etc.

Recibiu o Premio San Martiño no ano 1998 polo seu labor no campo da normalización lingüística e o Premio Avelina Valladares no ano 2004 en recoñecemento ao seu traballo en prol da cultura galega. No ano 2008 concédenlle o Salmón de Ouro, máxima distinción que outorga o Concello estradense.

Siluetas Compostelán
(Xosé Manuel Cabada Vázquez)

A CATEDRAL

Unha montaña de pedra
con debuxos caprichosos,
onde, acochados, se gardan
inapreciables tesouros.

A NORMAL

Bela portada románica
nunha casoupa encaixada.
Dentro, ledo rechouchío
de rapaces e rapazas.

A UNIVERSIDADE

Sabios mestres encadrados
dentro dun marco de pedra;
Abigarrados discípulos,
¡máis abigarrada ciencia!.....

SAN PAIO

Un gran lenzo de sillares,
fiestras con enreixado,
onde debullan amores
corazóns santificados.

Con toda ledicia para Nieves, Javier e Aníbal

Siluetas Composteláns

Poema de Xosé Manuel Cabada Vázquez

Música de X. Comesanha

© Copyright 2012 by Javier Comesaña Pereira, Pontevedra, Spain.
Edición autorizada para todos os países a Consello da Cultura Galega.
Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña.

12
pe - dra con de - bu - xos ca - pri - cho - sos, ca - pri -
17
cho - sos Un - ha mon - ta - ña de pe - dra con de
mf
pp
pp
22
bu - xos ca - pri - cho - sos, on - dea - co - cha - dos, se gar - dan i - na - pre -
26
cia - bles te - sou - ros. Be - la por - ta - da ro -
poco rit.
[A NORMAL]
A tempo ♩.=50
mf
8va
mf
mf
3

30
f
má-ni-ca nun-ha ca-sou-paem-po-tra-da. Den-tro, le-do re-chou
f
[A UNIVERSIDADE]
34
p
f
♩=75
chí-o de ra-pa ces e ra-pa-zas. Sa-bios mes-tres en-ca
p
p
f
f
38
dra-dos den-tro dun mar-co de pe-dra; A-bi-ga-rra-dos dis-cí-pu-los,
3
43
[SAN PAIO]
p
¡máis a-bi-ga-rra-da cien-cia! Un gran

46
len - zo de si - lla - res, fies - tras con en - rei - xa - do,
p
p
50
mf
on - de de - bu - llan a - mo - res co - ra -
54
zóns san - ti - fi - ca - dos, co - ra -
f
56
zóns san - ti - fi - ca - dos
rit.
8va
mf
mf

JUAN DURÁN

(Vigo, 1960)

